

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 129.970,01 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 12 de febreiro de 2015, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Manuel Martínez Varela
Vocais: D./Dª. María Ángeles Vilasánchez, representante do grupo PP.
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D./Dª Jesús Rodríguez Castro, Xefe de Informática
 D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Fernando Otero representante de TECNOCOM

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	05/02/2015	4839	COREMAIN, SL.
2	05/02/2015	4902	TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA S.A.

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO/A DA MESA




Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CONZI06U	CON/63/2014	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 129.970,01 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 12 de marzo de 2015 ás 8:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Martínez Varela

Vocais: D. Ramón Quiroga Limia, representante do grupo PP.
 D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. Jesús Rodríguez Castro, Xefe de Informática
 D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Dito informe, de data 6 de marzo, literalmente indica:

"Informe técnico de avaliación das proposicións relativas aos criterios de adjudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes

1.- **INTRODUCCIÓN**


O prego administrativo establece os seguintes criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes:

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Peso (%)
1. Características técnicas da oferta	20
1.a. Teranse en conta neste apartado as características técnicas da solución que melloren o rendemento, a capacidade de almacenamento, a seguridade e fiabilidade ou a facilidade de xestión.	20
2. Proxecto de implantación	10
2.a. Terase en conta neste apartado o nivel de detalle do plan de proxecto segundo se describe no prego técnico, a súa adaptación ao caso específico, a identificación dos factores críticos de éxito, e todos os aspectos que aporten seguridade na implantación correcta en tempo e forma.	10

Cada criterio se pondera mediante a asignación dunha porcentaxe sobre o total. Os criterios non avaliábeis mediante cifras teñen un peso do 30%.

A puntuación de cada oferta obtérase polo tanto a partir da fórmula:

$$V_o = \sum_{i=1,3} V_i * P_i$$



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI06U	<i>Expediente</i> CON/63/2014	



Onde Vo é a valoración da oferta, Vi é a valoración acadada en cada criterio i, e Pi é o peso asignado ao devandito criterio.

A selección do rango de valores que se poden asignar a Vi non afecta á comparativa. Para este informe asúmese que cada criterio pode valorarse de 0 a 100. Isto supón que a puntuación final da oferta estará tamén dentro deste intervalo.

Ademais, sempre que sexa posible tratarase de axustar as valoracións en cada criterio de tal xeito que a oferta máis favorable acade a puntuación máxima establecida no prego.

2.- OFERTAS RECIBIDAS PARA AVALIACIÓN

Recíbense para avaliación as ofertas presentadas polas empresas:

- COREMAIN SL (CIF. B-15313505)
- TECNOCOM (CIF. A-28191179)

3.- POSIBLE INCUMPRIMENTO DE CONDICIÓN DO PREGO

Dada a criticidade do proxecto e a necesidade de contar co persoal máis cualificado posible, o prego establece unha serie de esixencias con respecto ao equipo de traballo.

En particular, no punto "9.- Equipo de traballo" indícase que:

"Polo menos un dos perfiles que participen na instalación da solución contar coa certificación VMware VCP 5.

Dado que o proxecto inclúe o proceso de actualización do xestor de base de datos Oracle á nova versión e a migración e optimización das bases de datos de xestión existentes, o equipo debe incluír DBAs con experiencia e certificados. Inclúranse no equipo tres perfiles, cada un con algunha das certificacións seguintes, sendo necesaria a presenza das tres: OCA (Oracle Certified Associate), OCP (Oracle Certified Professional) e OCE (Oracle Certified Expert)."

Con data 29 de xaneiro de 2015 publicáronse no perfil do contratante aclaracións ao prego nas que, entre outras cousas, se enumeraba a documentación que debía ser aportada, con especial mención as certificacións de VMware e Oracle por ser estas unha esixencia do prego para o equipo de traballo.

"Sobre a inclusión nas ofertas de certificacións e xustificación documentais, enténdese obrigatoria no que respecta ao criterio '6.-Equipo de traballo' por tratarse dun criterio de avaliación mediante cifras ou porcentaxes, e ás certificacións de fabricante (en VMware e Oracle), por tratarse dunha esixencia do prego"

Con respecto a este punto, a oferta da empresa TECNOCOM detalla os certificados de cada membro do equipo de traballo e achega as correspondentes copias (punto "6.-Equipo de traballo", páxinas 38, 42, 45 e 48).

A oferta de COREMAIN non aporta copia dos certificados de fabricante, e fai as mencións seguintes en relación con este tema:

- Na páxina 17 di que "Os traballos de implementación, posta en marcha e probas serán realizados por consultores técnicos de Coremain certificados na solución obxecto do presente procedemento de contratación:", pasando de seguido a enumerar o tipo de consultores, entre os que se inclúen "consultores técnicos con certificación Oracle (OCA, OCP, OCE)."
- Sen embargo, na descrición do equipo de traballo (páxinas 27 e 28) non se fai mención a ningún tipo de certificación de Oracle (como si sucede, por exemplo, coas de VMware e outros fabricantes), limitándose a falar de "competencia e especialización" neste eido.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	



15078DCONZI06U'

- No punto "3.1.Experiencia en proxectos similares" (páxina 28) mencionase que "Adicionalmente ás certificacións incluías no sobre nº3, cóntase co apoio dun equipo técnico de back-end Oracle como soporte adicional en caso de ser necesario, e cuxa experiencia en contornas destas características está tamén acreditada, como Certified Implementation Specialist de Oracle (OCS)."

Con respecto a este último punto, a documentación solicitada no sobre nº3 non ten que ver con certificacións de fabricante e o parágrafo refírese a persoal técnico alleo ao equipo de traballo.

O prego establece que as esixencias son para o equipo de traballo que levará a cabo a implantación, con independencia do persoal adicional e recursos de que dispoña a empresa e que, en caso de necesidade, poida prestar colaboración.

Polo tanto, ademais de non incluír copia xustificativa dos certificados de fabricante, tampouco se considera que no caso de Oracle a redacción da oferta confirme dun xeito claro e coherente a súa posesión por parte dos membros do equipo de traballo.

Con independencia de todo o dito, de seguido procédese a avaliar ambas ofertas por se a mesa o considera procedente.

4.- ANÁLISE DAS OFERTAS

4.1.- Criterio 1. Características técnicas da oferta (20%)

4.1.1.- Equipamento hardware e software

Neste apartado hai que destacar que ambas ofertas presentan practicamente o mesmo material hardware e software, que cumpre coas esixencias do prego técnico:

- a) Con respecto aos servidores, ofrecen catro HP Proliant DL380 Gen9, dous para o clúster de Oracle e dous para o clúster de servizos xerais. Tal e como se indica no prego, os equipos destinados ao clúster de Oracle teñen instalado un único procesador, mentres que os equipos destinados ao clúster de servizos xerais contan con dous, sendo esta a única diferenza en canto a características e configuración.


Os servidores incorporan procesadores Intel Xeon E5-2660v3, 96GB de memoria RAM DDR4 advanced ECC rexistrada (en módulos de 16GB) cunha velocidade global de 2133MHz, 18 baías para discos SFF, sistema operativo e hipervisor VMware sobre unha tarxeta Flash de 8GB, dúas tarxetas de rede de dobre porto a 10GbE, ventiladores redundantes intercambiábeis en quente, fontes de alimentación redundantes en quente (de 500w na oferta de COREMAIN e de 800w no caso de TECNOCOM), ata catro rañuras PCIe 3.0 x16 libres e xestión remota mediante adaptador ILO4.

Inclúen ademais licenzas "Advanced" do software de xestión de infraestrutura HP Openview, que á súa vez incorpora, entre outros elementos, licenzas "Advanced" do software HP ILO e de HP Smart Updates Manager (SUM). Este software intégrase co software VMware vCenter Server.

- b) Con respecto á ampliación da cabina de discos HP Storevirtual 4000 de que dispón o Concello, ofrecen dúas unidades de nodo HP Storevirtual 4330 1TB MDL SAS, cada unha con oito discos de 1TB (terabyte), co que se conseguen os 16TB solicitados.
- c) Con respecto á conectividade da cabina HP Storevirtual 4000 a 10GbE (Ethernet a 10 Gigabits), ofrecen catro kits de actualización HP Storevirtual 4330 10G BASE-SFP+ destinados aos catro nodos xa existentes (os dous nodos subministrados xa incorporan esta tecnoloxía) así como os oito cables HP X240 10G SFP+ SFP+ DAC necesarios para a conexión directa (de 3 metros no caso de COREMAIN e de 5 metros no caso de TECNOCOM).

TECNOCOM inclúe ademais unha tarxeta HBA FC para conexión dun dos servidores coa cabina de discos HP EVA 3000 mediante fibra óptica. Isto pretende facilitar e axilizar a migración de datos á nova cabina.

- d) Con respecto ao software, ofertan exactamente as licenzas solicitadas no prego técnico: Dúas licenzas de Oracle Database Standard Edition 11g (unha licenza por cada CPU física ocupada) para o clúster de Oracle e dúas



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CONZI06U	CON/63/2014	



licenzas Microsoft Windows Server 2012 R2 Datacenter Edition (cada licenza admite dúas CPU físicas) para o clúster de servizos xerais.

Trátase de equipamento hardware fabricado por un proveedor de recoñecido prestixio no mercado, como é Hewlett Packard (HP), e o material subministrado axústase practicamente aos requirimentos establecidos.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Equipamento hardware e software subministrado	COREMAIN	75
	TECNOCOM	75

4.1.2.- Solución xeral

Desde o punto de vista da solución en xeral, COREMAIN propón como elemento diferenciador a reutilización da cabina de discos HP EVA 3000 como sistema de copias de seguridade de primeiro nivel en disco.

No proxecto esta cabina será substituída como sistema de almacenamento principal ao ter previsto que os servidores adquiridos utilicen a nova cabina HP Storevirtual 4000 recentemente instalada.

As copias de seguridade de primeiro nivel en disco son unha opción interesante na medida en que poden facilitar e axilizar certas recuperacións de datos e polo resto de motivos explicados na oferta, e de feito neste momento xa se están realizando algunhas sobre discos duros independentes.

Sería necesario en todo caso avaliar no seu momento a conveniencia de manter a cabina HP EVA 3000 para este cometido.

Isto é así porque se considera un equipo amortizado tanto pola data de compra (ano 2004) como polo seu uso intensivo. Trátase dun equipo tecnoloxicamente obsoleto para o que resulta cada vez máis complicado obter discos e outros compoñentes de reposo, sendo ademais excesivamente caro contratar un servizo de mantemento axeitado. Tamén presenta importantes problemas de rendemento.

Polo tanto, o seu potencial aproveitamento está condicionado a que o servizo prestado non sexa crítico (o proposto non o sería ao contar tamén con copias en cinta) e que a súa conservación non supoña un custo excesivo e un problema engadido na xestión diaria do centro de proceso de datos. Neste senso, un dos principais obxectivos deste proxecto é simplificar ao máximo o equipamento para facilitar a súa administración e mantemento, tratando así de paliar na medida do posible a carencia de recursos do Servizo de Informática e facilitar o control e a aplicación de políticas de seguridade.

Así, desde o punto de vista da seguridade, que é un dos principais problemas neste momento no centro de proceso de datos, enténdese máis efectivo contar cun núcleo de servidores e sistemas de almacenamento actualizados, correctamente dimensionados, e que garantan un rendemento suficiente e facilidade de xestión. As dúas librarías de cinta de que dispón o Concello ofrecen ademais un axeitado rendemento e flexibilidade á hora de aplicar políticas de copia de seguridade e recuperación de datos.

Por todo isto, enténdese que se debe valorar a proposta feita pola empresa COREMAIN, tendo en conta en todo caso que xa se conta ata certo punto con este servizo mediante o uso de discos independentes e que non se ten garantía sobre a continuidade de servizo e o rendemento da cabina de discos, hoxe en día moi inferior ao dun disco duro de calidade estándar.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Uso cabina HP EVA 3000 para copia de primeiro nivel sobre disco	COREMAIN	20
	TECNOCOM	0



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CONZI06U	CON/63/2014	



Na solución ofrecida por TECNOCOM sinálase como mellora a instalación de cinco servidores de Oracle e non catro como se tiña previsto, de tal xeito que a contorna de preproducción estaría composta por dous servidores en Oracle RAC.

A configuración final dos servidores de Oracle sería polo tanto:

- 2 servidores para bases de datos en produción con Oracle RAC
- 2 servidores para bases de datos en preproducción con Oracle RAC (fronte a un único servidor en preproducción)
- 1 servidor para bases de datos en desenvolvemento.

Este sistema permite igualar as contornas de produción e preproducción o que, entre outras cousas, aporta seguridade no paso a produción de aplicacións e servizos. Así por exemplo, permite detectar eventuais problemas na xestión de transaccións antes da posta en produción, e os administradores poden realizar probas de parcheo no entorno de preproducción. Trátase polo tanto dunha aportación que merece ser tida en conta na avaliación da oferta.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Creación dun servidor de base de datos adicional e unha contorna de preproducción con Oracle RAC.	COREMAIN	0
	TECNOCOM	25

Tendo en conta todo o dito, indícase na seguinte táboa a valoración total no que respecta a este criterio en puntos sobre 100, así como a aportación en cada caso á avaliación final da oferta unha vez aplicada a ponderación.

Criterio 1	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
COREMAIN	90	18,00
TECNOCOM	100	20,00

4.2.-Criterio 2. Proxecto de Implantación (10%)

4.2.1.- Descrición do plan de implantación


Ambas ofertas inclúen unha planificación do proxecto, para a cal o propio prego xa establece os requisitos e tarefas máis relevantes.

Tendo ambas un nivel de desenvolvemento similar, a oferta de TECNOCOM presenta algo máis de detalle nalgúns aspectos, destacando especialmente no apartado de implantación do xestor de bases de datos Oracle, onde chega a facer incluso algunha referencia a algunha características específica das aplicacións de xestión de TAO, motivo pola que recibe algo máis de puntuación.

As ofertas fan unha descrición dos pasos a seguir na instalación e posta en marcha, dan unha orientación sobre a formación prevista e describen os servizos de mantemento para a fase de explotación.

Aínda que se entende que os licitadores teñen a obriga de cumprir o establecido nos pregos, dado que neste apartado trátase de valorar a confianza na execución do proxecto, considérase relevante destacar o esforzo de documentación e xustificación dos méritos alegados.

- A empresa TECNOCOM aporta copia das certificacións como partner de HP, Microsoft, Oracle e VMware. Ademais, inclúe un certificado de Hewlett Packard Española pola compra do equipamento e garantía en España. Por último, achega a certificación ISO 14001:2003 e ISO 9001:2008 de HP.
- COREMAIN pola súa parte aporta a certificación da empresa como partner de HP.



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	



No tocante á retirada e reciclaxe de equipos antigos, mencionado especificamente no prego, COREMAIN fai unha mención, mentres que TECNOCOM inclúe unha descrición máis detallada na que se fala non só da destrución dos equipos senón do borrado de información previo.

Por todo isto, asígnaselle unha puntuación algo maior á oferta presentada por TECNOCOM.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Nivel de detalle e completitude do plan de implantación	COREMAIN	40
	TECNOCOM	50

4.2.2.- Servizos de instalación do fabricante

TECNOCOM inclúe no proxecto o despregamento da infraestrutura por parte de persoal de HP e a correspondente certificación dos servizos.

Isto resulta relevante ao aportar unha maior implicación do fabricante na implantación, o que supón unha garantía adicional tanto nesta fase como na posterior de explotación e mantemento do equipamento.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Servizos HP na implantación	COREMAIN	0
	TECNOCOM	20

4.2.3.- Equipo de traballo

TECNOCOM inclúe a descrición do equipo de traballo, composto por cinco perfiles (un xefe de proxecto e catro consultores), facendo unha descrición detallada de cada un deles no que respecta á titulación e formación, experiencia profesional, participación en proxectos, e certificacións.


COREMAIN tamén describe o equipo de traballo, composto por seis perfiles (un xefe de proxecto, dous enxeñeiros de sistemas e dous enxeñeiros consultor), dun xeito menos detallado, indicando titulacións, anos de experiencia e certificacións.

Valórase a inclusión dun membro adicional no equipo de traballo da oferta presentada por COREMAIN:

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Número de membros do equipo	COREMAIN	5
	TECNOCOM	0

Valóranse os certificados de fabricante do equipo de traballo que foron incluídos na documentación tal e como se solicitaba.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Certificacións de fabricante no	COREMAIN	0



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	



equipo de traballo (6 puntos por certificación xustificada)	TECNOCOM	30
---	----------	----

Tendo en conta todo o indicado, indícase na seguinte táboa a valoración total no que respecta a este criterio en puntos sobre 100, así como a aportación en cada caso á avaliación final da oferta unha vez aplicada a ponderación.

Criterio 2	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
COREMAIN	45	04,50
TECNOCOM	100	10,00

5.- AVALIACIÓN FINAL

A puntuación final acadada como suma das obtidas en cada un dos criterios non avaliados mediante cifras e porcentaxes é a seguinte:

Total criterios 1 e 2	Aportación á oferta (puntos)
COREMAIN	22,50
TECNOCOM	30,00

E todo canto informo".

O técnico redactor do informe, D. Jesús Rodríguez Castro, xefe de informática, tras realizar unha breve exposición sobre o seu contido, analiza para os restantes membros máis detalladamente o incumprimento de carácter técnico que apreciou na oferta da empresa COREMAIN.


Amosándose conformes os membros da mesa coas súas conclusións, e solicitándolle para maior seguridade xurídica, que as incorpore de xeito máis explícito a un informe complementario que se incorporará ó expediente, a mesa acorda, en definitiva, excluir da licitación a oferta da empresa COREMAIN, por incumprimento dos requirimentos recollidos no apartado 9 do prego técnico, e, en concreto, por non incorporar ó equipo de traballo perfiles de instalador da solución que conte coa certificacións do fabricante en VMware e ORACLE.

Ás 9 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA




Exp: CON/63/2014

ASUNTO: SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN DE RENOVACIÓN DE EQUIPOS SERVIDORES E OUTRO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Informe técnico de avaliación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes

1. INTRODUCCIÓN

O prego administrativo establece os seguintes criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes:



CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Peso (%)
1. Características técnicas da oferta	20
1.a. Teranse en conta neste apartado as características técnicas da solución que melloren o rendemento, a capacidade de almacenamento, a seguridade e fiabilidade ou a facilidade de xestión.	20
2. Proxecto de implantación	10
2.a. Terase en conta neste apartado o nivel de detalle do plan de proxecto segundo se describe no prego técnico, a súa adaptación ao caso específico, a identificación dos factores críticos de éxito, e todos os aspectos que aporten seguridade na implantación correcta en tempo e forma.	10


Cada criterio se pondera mediante a asignación dunha porcentaxe sobre o total. Os criterios non avaliábles mediante cifras teñen un peso do 30%.

A puntuación de cada oferta obtérase polo tanto a partir da fórmula:

$$Vo = \sum_{i=1..8} Vi * Pi$$

Onde V_o é a valoración da oferta, V_i é a valoración acadada en cada criterio i , e P_i é o peso asignado ao devandito criterio.

A selección do rango de valores que se poden asignar a V_i non afecta á comparativa. Para este informe asúmese que cada criterio pode valorarse de 0 a 100. Isto supón que a puntuación final da oferta estará tamén dentro deste intervalo.



Ademais, sempre que sexa posible tratarase de axustar as valoracións en cada criterio de tal xeito que a oferta máis favorable acade a puntuación máxima establecida no prego.

2. OFERTAS RECIBIDAS PARA AVALIACIÓN

Recíbense para avaliación as ofertas presentadas polas empresas:

- COREMAIN SL (CIF. B-15313505)
- TECNOCOM (CIF. A-28191179)

3. POSIBLE INCUMPRIMENTO DE CONDICIÓNS DO PREGO

Dada a criticidade do proxecto e a necesidade de contar co persoal máis cualificado posible, o prego establece unha serie de esixencias con respecto ao equipo de traballo.


En particular, no punto "9.- Equipo de traballo" indícase que:

"Polo menos un dos perfiles que participen na instalación da solución contar coa certificación VMware VCP 5.

Dado que o proxecto inclúe o proceso de actualización do xestor de base de datos Oracle á nova versión e a migración e optimización das bases de datos de xestión existentes, o equipo debe incluír DBAs con experiencia e certificados. Inclúiranse no equipo tres perfiles, cada un con algunha das certificacións seguintes, sendo necesaria a presenza das tres: OCA (Oracle Certified Associate), OCP (Oracle Certified Professional) e OCE (Oracle Certified Expert)."

Con data 29 de xaneiro de 2015 publicáronse no perfil do contratante aclaracións ao prego nas que, entre outras cousas, se enumeraba a documentación que debía ser aportada, con especial mención as certificacións de VMware e Oracle por ser estas unha esixencia do prego para o equipo de traballo.

"Sobre a inclusión nas ofertas de certificacións e xustificación documentais, enténdese obrigatoria no que respecta ao criterio '6.-Equipo de traballo' por tratarse dun criterio de avaliación mediante cifras ou porcentaxes, e ás certificacións de



fabricante (en VMware e Oracle), por tratarse dunha esixencia do prego"

Con respecto a este punto, a oferta da empresa TECNOCOM detalla os certificados de cada membro do equipo de traballo e achega as correspondentes copias (punto "6.-Equipo de traballo", páxinas 38, 42, 45 e 48).


A oferta de COREMAIN non aporta copia dos certificados de fabricante, e fai as mencións seguintes en relación con este tema:

- Na páxina 17 di que *"Os traballos de implementación, posta en marcha e probas serán realizados por consultores técnicos de Coremain certificados na solución obxecto do presente procedemento de contratación:"*, pasando de seguido a enumerar o tipo de consultores, entre os que se inclúen *"consultores técnicos con certificación Oracle (OCA, OCP, OCE)."*
- Sen embargo, na descrición do equipo de traballo (páxinas 27 e 28) non se fai mención a ningún tipo de certificación de Oracle (como si sucede, por exemplo, coas de VMware e outros fabricantes), limitándose a falar de *"competencia e especialización"* neste eido.
- No punto *"3.1.Experiencia en proxectos similares"* (páxina 28) menciónase que *"Adicionalmente ás certificacións incluídas no sobre nº3, cóntase co apoio dun equipo técnico de back-end Oracle como soporte adicional en caso de ser necesario, e cuxa experiencia en contornas destas características está tamén acreditada, como Certified Implementation Specialist de Oracle (OCS)."*

Con respecto a este último punto, a documentación solicitada no sobre nº3 non ten que ver con certificacións de fabricante e o parágrafo refírese a persoal técnico alleo ao equipo de traballo.

O prego establece que as esixencias son para o equipo de traballo que levará a cabo a implantación, con independencia do persoal adicional e recursos de que dispoña a empresa e que, en caso de necesidade, poida prestar colaboración.

Polo tanto, ademais de non incluír copia xustificativa dos certificados de fabricante, tampouco se considera que no caso de Oracle a redacción da oferta confirme dun xeito claro e coherente a súa posesión por parte dos membros do equipo de traballo.



Con independencia de todo o dito, de seguido procédese a avaliar ambas ofertas por se a mesa o considera procedente.

4. ANÁLISE DAS OFERTAS

4.1. Criterio 1. Características técnicas da oferta (20%)

4.1.1. Equipamento hardware e software


Neste apartado hai que destacar que ambas ofertas presentan practicamente o mesmo material hardware e software, que cumpre coas esixencias do prego técnico:

- a) Con respecto aos servidores, ofrecen catro HP Proliant DL380 Gen9, dous para o clúster de Oracle e dous para o clúster de servizos xerais. Tal e como se indica no prego, os equipos destinados ao clúster de Oracle teñen instalado un único procesador, mentres que os equipos destinados ao clúster de servizos xerais contan con dous, sendo esta a única diferenza en canto a características e configuración.

Os servidores incorporan procesadores Intel Xeon E5-2660v3, 96GB de memoria RAM DDR4 advanced ECC rexistrada (en módulos de 16GB) cunha velocidade global de 2133MHz, 18 baías para discos SFF, sistema operativo e hipervisor VMware sobre unha tarxeta Flash de 8GB, dúas tarxetas de rede de dobre porto a 10GbE, ventiladores redundantes intercambiábeis en quente, fontes de alimentación redundantes en quente (de 500w na oferta de COREMAIN e de 800w no caso de TECNOCOM), ata catro rañuras PCIe 3.0 x16 libres e xestión remota mediante adaptador ILO4.

Inclúen ademais licenzas "Advanced" do software de xestión de infraestrutura HP Openview, que á súa vez incorpora, entre outros elementos, licenzas "Advanced" do software HP ILO e de HP Smart Updates Manager (SUM). Este software intégrase co software VMware vCenter Server.

- b) Con respecto á ampliación da cabina de discos HP Storevirtual 4000 de que dispón o Concello, ofrecen dúas unidades de nodo HP Storevirtual 4330 1TB MDL SAS, cada unha con oito discos de 1TB (terabyte), co que se conseguen os 16TB solicitados.
- c) Con respecto á conectividade da cabina HP Storevirtual 4000 a 10GbE (Ethernet a 10 Gigabits), ofrecen catro kits de actualización HP Storevirtual 4330 10G BASE-SFP+ destinados aos catro nodos xa existentes (os dous nodos subministrados xa incorporan esta tecnoloxía) así como



os oito cables HP X240 10G SFP+ SFP+ DAC necesarios para a conexión directa (de 3 metros no caso de COREMAIN e de 5 metros no caso de TECNOCOM).

TECNOCOM inclúe ademais unha tarxeta HBA FC para conexión dun dos servidores coa cabina de discos HP EVA 3000 mediante fibra óptica. Isto pretende facilitar e axilizar a migración de datos á nova cabina.

- d) Con respecto ao software, ofertan exactamente as licenzas solicitadas no prego técnico: Dúas licenzas de Oracle Database Standard Edition 11g (unha licenza por cada CPU física ocupada) para o clúster de Oracle e dúas licenzas Microsoft Windows Server 2012 R2 Datacenter Edition (cada licenza admite dúas CPU físicas) para o clúster de servizos xerais.

Trátase de equipamento hardware fabricado por un proveedor de recoñecido prestixio no mercado, como é Hewlett Packard (HP), e o material subministrado axústase practicamente aos requirimentos establecidos.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Equipamento hardware e software subministrado	COREMAIN	75
	TECNOCOM	75


4.1.2. Solución xeral

Desde o punto de vista da solución en xeral, COREMAIN propón como elemento diferenciador a reutilización da cabina de discos HP EVA 3000 como sistema de copias de seguridade de primeiro nivel en disco.

No proxecto esta cabina será substituída como sistema de almacenamento principal ao ter previsto que os servidores adquiridos utilicen a nova cabina HP Storevirtual 4000 recentemente instalada.

As copias de seguridade de primeiro nivel en disco son unha opción interesante na medida en que poden facilitar e axilizar certas recuperacións de datos e polo resto de motivos explicados na oferta, e de feito neste momento xa se están realizando algunhas sobre discos duros independentes.

Sería necesario en todo caso avaliar no seu momento a conveniencia de manter a cabina HP EVA 3000 para este cometido.



Isto é así porque se considera un equipo amortizado tanto pola data de compra (ano 2004) como polo seu uso intensivo. Trátase dun equipo tecnoloxicamente obsoleto para o que resulta cada vez máis complicado obter discos e outros compoñentes de reposto, sendo ademais excesivamente caro contratar un servizo de mantemento axeitado. Tamén presenta importantes problemas de rendemento.

Polo tanto, o seu potencial aproveitamento está condicionado a que o servizo prestado non sexa crítico (o proposto non o sería ao contar tamén con copias en cinta) e que a súa conservación non supoña un custo excesivo e un problema engadido na xestión diaria do centro de proceso de datos. Neste senso, un dos principais obxectivos deste proxecto é simplificar ao máximo o equipamento para facilitar a súa administración e mantemento, tratando así de paliar na medida do posible a carencia de recursos do Servizo de Informática e facilitar o control e a aplicación de políticas de seguridade.


Así, desde o punto de vista da seguridade, que é un dos principais problemas neste momento no centro de proceso de datos, enténdese máis efectivo contar cun núcleo de servidores e sistemas de almacenamento actualizados, correctamente dimensionados, e que garantan un rendemento suficiente e facilidade de xestión. As dúas librarías de cinta de que dispón o Concello ofrecen ademais un axeitado rendemento e flexibilidade á hora de aplicar políticas de copia de seguridade e recuperación de datos.

Por todo isto, enténdese que se debe valorar a proposta feita pola empresa COREMAIN, tendo en conta en todo caso que xa se conta ata certo punto con este servizo mediante o uso de discos independentes e que non se ten garantía sobre a continuidade de servizo e o rendemento da cabina de discos, hoxe en día moi inferior ao dun disco duro de calidade estándar.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Uso cabina HP EVA 3000 para copia de primeiro nivel sobre disco	COREMAIN	20
	TECNOCOM	0

Na solución ofrecida por TECNOCOM sinalase como mellora a instalación de cinco servidores de Oracle e non catro como se tiña previsto, de tal xeito que a contorna de preproducción estaría composta por dous servidores en Oracle RAC.

A configuración final dos servidores de Oracle sería polo tanto:



- 2 servidores para bases de datos en producción con Oracle RAC
- 2 servidores para bases de datos en preproducción con Oracle RAC (frente a un único servidor en preproducción)
- 1 servidor para bases de datos en desenvolvemento.

Este sistema permite igualar as contornas de produción e preproducción o que, entre outras cousas, aporta seguridade no paso a produción de aplicacións e servizos. Así por exemplo, permite detectar eventuais problemas na xestión de transaccións antes da posta en produción, e os administradores poden realizar probas de parcheo no entorno de preproducción. Trátase polo tanto dunha aportación que merece ser tida en conta na avaliación da oferta.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Creación dun servidor de base de datos adicional e unha contorna de preproducción con Oracle RAC.	COREMAIN	0
	TECNOCOM	25

Tendo en conta todo o dito, indícase na seguinte táboa a valoración total no que respecta a este criterio en puntos sobre 100, así como a aportación en cada caso á avaliación final da oferta unha vez aplicada a ponderación.


Criterio 1	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
COREMAIN	90	18,00
TECNOCOM	100	20,00

4.2. Criterio 2. Proxecto de Implantación (10%)

4.2.1. Descrición do plan de implantación

Ambas ofertas inclúen unha planificación do proxecto, para a cal o propio prego xa establece os requisitos e tarefas máis relevantes.

Tendo ambas un nivel de desenvolvemento similar, a oferta de TECNOCOM presenta algo máis de detalle nalgúns aspectos, destacando especialmente no apartado de implantación do xestor de bases de datos Oracle, onde chega a facer incluso algunha referencia a algunha características específica das aplicacións de xestión de TAO, motivo pola que recibe algo máis de puntuación.



As ofertas fan unha descrición dos pasos a seguir na instalación e posta en marcha, dan unha orientación sobre a formación prevista e describen os servizos de mantemento para a fase de explotación.

Aínda que se entende que os licitadores teñen a obriga de cumprir o establecido nos pregos, dado que neste apartado trátase de valorar a confianza na execución do proxecto, considérase relevante destacar o esforzo de documentación e xustificación dos méritos alegados.

- A empresa TECNOCOM aporta copia das certificacións como partner de HP, Microsoft, Oracle e VMware. Ademais, inclúe un certificado de Hewlett Packard Española pola compra do equipamento e garantía en España. Por último, achega a certificación ISO 14001:2003 e ISO 9001:2008 de HP.
- COREMAIN pola súa parte aporta a certificación da empresa como partner de HP.

No tocante á retirada e reciclaxe de equipos antigos, mencionado especificamente no prego, COREMAIN fai unha mención, mentres que TECNOCOM inclúe unha descrición máis detallada na que se fala non só da destrución dos equipos senón do borrado de información previo.


Por todo isto, asígnaselle unha puntuación algo maior á oferta presentada por TECNOCOM.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Nivel de detalle e completitude do plan de implantación	COREMAIN	40
	TECNOCOM	50

4.2.2. Servizos de instalación do fabricante

TECNOCOM inclúe no proxecto o despregamento da infraestrutura por parte de persoal de HP e a correspondente certificación dos servizos.

Isto resulta relevante ao aportar unha maior implicación do fabricante na implantación, o que supón unha garantía adicional tanto nesta fase como na posterior de explotación e mantemento do equipamento.



Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Servizos HP na implantación	COREMAIN	0
	TECNOCOM	20

4.2.3. Equipo de traballo

TECNOCOM inclúe a descrición do equipo de traballo, composto por cinco perfiles (un xefe de proxecto e catro consultores), facendo unha descrición detallada de cada un deles no que respecta á titulación e formación, experiencia profesional, participación en proxectos, e certificacións.

COREMAIN tamén describe o equipo de traballo, composto por seis perfiles (un xefe de proxecto, dous enxeñeiros de sistemas e dous enxeñeiros consultor), dun xeito menos detallado, indicando titulacións, anos de experiencia e certificacións.


Valórase a inclusión dun membro adicional no equipo de traballo da oferta presentada por COREMAIN:

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Número de membros do equipo	COREMAIN	5
	TECNOCOM	0

Valóranse os certificados de fabricante do equipo de traballo que foron incluídos na documentación tal e como se solicitaba.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Certificacións de fabricante no equipo de traballo (6 puntos por certificación xustificada)	COREMAIN	0
	TECNOCOM	30

Tendo en conta todo o indicado, indícase na seguinte táboa a valoración total no que respecta a este criterio en puntos sobre 100, así como a aportación en cada caso á avaliación final da oferta unha vez aplicada a ponderación.



Criterio 2	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
COREMAIN	45	04,50
TECNOCOM	100	10,00

5. AVALIACIÓN FINAL

A puntuación final acadada como suma das obtidas en cada un dos criterios non avaliados mediante cifras e porcentaxes é a seguinte:

Total criterios 1 e 2	Aportación á oferta (puntos)
COREMAIN	22,50
TECNOCOM	30,00

E todo canto informo.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

O XEFE DE INFORMÁTICA

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI06U	<i>Expediente</i> CON/63/2014	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 129.970,01 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 19 de marzo de 2015 , ás 8:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Manuel Martínez Varela
Vocais: D./Dª Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª Jesús Rodríguez Castro, Xefe de Informática
Dª Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
D. José Ramón Alonso, Vicesecretario municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Marcos Vidal representante da empresa TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA S.A.

O secretario da mesa procede a dar lectura pública do resultado do informe realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes, que conlevo a exclusión da empresa COREMAIN.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA S.A.	114.743'04

Así mesmo a empresa oferta cinco anos de duración da garantía, catro horas para resolución de incidencias, acredita experiencia nos concellos de Oleiros, Ourense e Santiago, unha formación de dez xornadas e un prazo de execución de setenta días.


Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes ó único licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada en todo o proceso licitatorio.

Ás 8.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





Exp: CON/63/2014

ASUNTO: SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN DE RENOVACIÓN DE EQUIPOS SERVIDORES E OUTRO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Actualización do informe técnico con data 6 de marzo de 2015 de avaliación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes

1. ANTECEDENTES

Con data 12 de marzo de 2015 ten lugar a mesa de contratación para o exame do informe técnico de 6 de marzo de 2015 de avaliación de ofertas.

Unha vez analizado o apartado "3. Posible incumprimento de condicións do prego" e dadas as explicacións técnicas oportunas, acórdase en base que procede a exclusión da oferta por incumprimento das esixencias do prego e a mesa solicita a actualización do informe técnico neste senso.

Por todo isto, infórmase que:

2. INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DO PREGO TÉCNICO


Dada a criticidade do proxecto e a necesidade de contar co persoal máis cualificado posible, o prego establece unha serie de esixencias con respecto ao equipo de traballo.

En particular, no punto "9.- Equipo de traballo" indícase que:

"Polo menos un dos perfiles que participen na instalación da solución contar coa certificación VMware VCP 5.

Dado que o proxecto inclúe o proceso de actualización do xestor de base de datos Oracle á nova versión e a migración e optimización das bases de datos de xestión existentes, o equipo debe incluír DBAs con experiencia e certificados. Inclúense no equipo tres perfiles, cada un con algunha das certificacións seguintes, sendo necesaria a presenza das tres: OCA (Oracle Certified Associate), OCP (Oracle Certified Professional) e OCE (Oracle Certified Expert)."

Con data 29 de xaneiro de 2015 publicáronse no perfil do contratante aclaracións ao prego nas que, entre outras cousas, se enumeraba a



documentación que debía ser aportada, con especial mención as certificacións de VMware e Oracle por ser estas unha esixencia do prego para o equipo de traballo.

"Sobre a inclusión nas ofertas de certificacións e xustificación documentais, enténdese obrigatoria no que respecta ao criterio '6.-Equipo de traballo' por tratarse dun criterio de avaliación mediante cifras ou porcentaxes, e ás certificacións de fabricante (en VMware e Oracle), por tratarse dunha esixencia do prego"


Con respecto a este punto, a oferta da empresa TECNOCOM detalla os certificados de cada membro do equipo de traballo e achega as correspondentes copias (punto "6.-Equipo de traballo", páxinas 38, 42, 45 e 48).

A oferta de COREMAIN non aporta copia dos certificados de fabricante, e fai as mencións seguintes en relación con este tema:

- Na páxina 17 di que *"Os traballos de implementación, posta en marcha e probas serán realizados por consultores técnicos de Coremain certificados na solución obxecto do presente procedemento de contratación:"*, pasando de seguido a enumerar o tipo de consultores, entre os que se inclúen *"consultores técnicos con certificación Oracle (OCA, OCP, OCE)."*
- Sen embargo, na descrición do equipo de traballo (páxinas 27 e 28) non se fai mención a ningún tipo de certificación de Oracle (como si sucede, por exemplo, coas de VMware e outros fabricantes), limitándose a falar de *"competencia e especialización"* neste eido.
- No punto *"3.1.Experiencia en proxectos similares"* (páxina 28) menciónase que *"Adicionalmente ás certificacións incluídas no sobre nº3, cóntase co apoio dun equipo técnico de back-end Oracle como soporte adicional en caso de ser necesario, e cuxa experiencia en contornas destas características está tamén acreditada, como Certified Implementation Specialist de Oracle (OCS)."*

Con respecto a este último punto, a documentación solicitada no sobre nº3 non ten que ver con certificacións de fabricante e o parágrafo refírese a persoal técnico alleo ao equipo de traballo.

O prego técnico establece que as esixencias son para o equipo de traballo que levará a cabo a implantación, con independencia do persoal adicional e recursos de que dispoña a empresa e que, en caso de necesidade, poida prestar colaboración.



Polo tanto, ademais de non incluír copia xustificativa dos certificados de fabricante, tampouco se considera que no caso de Oracle a redacción da oferta confirme dun xeito claro e coherente a súa posesión por parte dos membros do equipo de traballo.

Enténdese por todo isto que a oferta presentada por COREMAIN non cumpre as esixencias do prego polo que resulta procedente desde o punto de vista técnico que a mesa acorde a súa exclusión.

3. OFERTAS AVALIADAS

De seguido procédese a analizar a única oferta restante, que é a presentada por TECNOCOM (CIF. A-28191179).

4. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Mantense o procedemento de avaliación seguido no informe de 6 de marzo d 2015, que se reproduce de seguido:


O prego administrativo establece os seguintes criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes:

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Peso (%)
1. Características técnicas da oferta	20
1.a. Teranse en conta neste apartado as características técnicas da solución que melloren o rendemento, a capacidade de almacenamento, a seguridade e fiabilidade ou a facilidade de xestión.	20
2. Proxecto de implantación	10
2.a. Terase en conta neste apartado o nivel de detalle do plan de proxecto segundo se describe no prego técnico, a súa adaptación ao caso específico, a identificación dos factores críticos de éxito, e todos os aspectos que aporten seguridade na implantación correcta en tempo e forma.	10

Cada criterio se pondera mediante a asignación dunha porcentaxe sobre o total. Os criterios non avaliábles mediante cifras teñen un peso do 30%.

A puntuación de cada oferta obterase polo tanto a partir da fórmula:

$$V_o = \sum_{i=1..8} V_i * P_i$$



Onde V_o é a valoración da oferta, V_i é a valoración acadada en cada criterio i , e P_i é o peso asignado ao devandito criterio.

A selección do rango de valores que se poden asignar a V_i non afecta á comparativa. Para este informe asúmese que cada criterio pode valorarse de 0 a 100. Isto supón que a puntuación final da oferta estará tamén dentro deste intervalo.

Ademais, sempre que sexa posible tratarase de axustar as valoracións en cada criterio de tal xeito que a oferta máis favorable acade a puntuación máxima establecida no prego.

5. ANÁLISE DA OFERTA

5.1. Criterio 1. Características técnicas da oferta (20%)

5.1.1. Equipamento hardware e software


A oferta presenta un equipamento hardware e software que cumpre coas esixencias do prego técnico:

- a) Con respecto aos servidores, ofrece catro HP Proliant DL380 Gen9, dous para o clúster de Oracle e dous para o clúster de servizos xerais. Tal e como se indica no prego, os equipos destinados ao clúster de Oracle teñen instalado un único procesador, mentres que os equipos destinados ao clúster de servizos xerais contan con dous, sendo esta a única diferenza en canto a características e configuración.

Os servidores incorporan procesadores Intel Xeon E5-2660v3, 96GB de memoria RAM DDR4 advanced ECC rexistrada (en módulos de 16GB) cunha velocidade global de 2133MHz, 18 baías para discos SFF, sistema operativo e hipervisor VMware sobre unha tarxeta Flash de 8GB, dúas tarxetas de rede de dobre porto a 10GbE, ventiladores redundantes intercambiábeis en quente, fontes de alimentación redundantes en quente de 800w, ata catro rañuras PCIe 3.0 x16 libres e xestión remota mediante adaptador ILO4.

Inclúen ademais licenzas "Advanced" do software de xestión de infraestruturas HP Openview, que á súa vez incorpora, entre outros elementos, licenzas "Advanced" do software HP ILO e de HP Smart Updates Manager (SUM). Este software intégrase co software VMware vCenter Server.

- b) Con respecto á ampliación da cabina de discos HP StoreVirtual 4000 de que dispón o Concello, ofrece dúas unidades de nodo HP StoreVirtual



4330 1TB MDL SAS, cada unha con oito discos de 1TB (terabyte), co que se conseguen os 16TB solicitados.

- c) Con respecto á conectividade da cabina HP Storevirtual 4000 a 10GbE (Ethernet a 10 Gigabits), ofrece catro kits de actualización HP Storevirtual 4330 10G BASE-SFP+ destinados aos catro nodos xa existentes (os dous nodos subministrados xa incorporan esta tecnoloxía) así como os oito cables HP X240 10G SFP+ SFP+ DAC de 5 metros necesarios para a conexión directa.

Inclúe ademais unha tarxeta HBA FC para conexión dun dos servidores coa cabina de discos HP EVA 3000 mediante fibra óptica. Isto pretende facilitar e axilizar a migración de datos á nova cabina.

- d) Con respecto ao software, oferta exactamente as licenzas solicitadas no prego técnico: Dúas licenzas de Oracle Database Standard Edition 11g (unha licenza por cada CPU física ocupada) para o clúster de Oracle e dúas licenzas Microsoft Windows Server 2012 R2 Datacenter Edition (cada licenza admite dúas CPU físicas) para o clúster de servizos xerais.

Trátase de equipamento hardware fabricado por un proveedor de recoñecido prestixio no mercado, como é Hewlett Packard (HP), e o material subministrado axústase practicamente aos requirimentos técnicos establecidos no prego.


Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Equipamento hardware e software subministrado	TECNOCOM	75

5.1.2. Solución xeral

Na solución ofrecida por TECNOCOM sinálase como mellora a instalación de cinco servidores de Oracle e non catro como se tiña previsto, de tal xeito que a contorna de preproducción estaría composta por dous servidores en Oracle RAC.

A configuración final dos servidores de Oracle sería polo tanto:

- 2 servidores para bases de datos en produción con Oracle RAC
- 2 servidores para bases de datos en preproducción con Oracle RAC (fronte a un único servidor en preproducción)



- 1 servidor para bases de datos en desenvolvemento.

Este sistema permite igualar as contornas de produción e preprodución o que, entre outras cousas, aporta seguridade no paso a produción de aplicacións e servizos. Así por exemplo, permite detectar eventuais problemas na xestión de transaccións antes da posta en produción, e os administradores poden realizar probas de parcheo no entorno de preprodución. Trátase polo tanto dunha aportación que merece ser tida en conta na avaliación da oferta.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Creación dun servidor de base de datos adicional e unha contorna de preprodución con Oracle RAC.	TECNOCOM	25

Tendo en conta todo o dito, indícase na seguinte táboa a valoración total no que respecta a este criterio en puntos sobre 100, así como a aportación en cada caso á avaliación final da oferta unha vez aplicada a ponderación.

Criterio 1	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	20,00


5.2. Criterio 2. Proxecto de Implantación (10%)

5.2.1. Descrición do plan de implantación

A oferta inclúe a planificación paso a paso do proxecto, para a cal o propio prego xa establece os requisitos e tarefas máis relevantes. A descrición realizada é suficiente, e destaca especialmente no apartado de implantación do xestor de bases de datos Oracle, onde chega a facer incluso algunha referencia a algunha características específica das aplicacións de xestión de TAO.

Ademais da descrición dos pasos a seguir na instalación e posta en marcha, da unha orientación sobre a formación prevista e describe os servizos de mantemento para a fase de explotación.

Aínda que se entende que os licitadores teñen a obriga de cumprir o establecido nos pregos, dado que neste apartado trátase de valorar a



confianza na execución do proxecto, considérase relevante destacar o esforzo de documentación e xustificación dos méritos alegados.

- A empresa TECNOCOM aporta copia das certificacións como partner de HP, Microsoft, Oracle e VMware. Ademais, inclúe un certificado de Hewlett Packard Española pola compra do equipamento e garantía en España. Por último, achega a certificación ISO 14001:2003 e ISO 9001:2008 de HP.

No tocante á retirada e reciclaxe de equipos antigos, mencionada especificamente nos pregos, inclúe unha descrición detallada na que se fala non só da destrución dos equipos senón tamén do borrado de información previo.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Nivel de detalle e completitude do plan de implantación	TECNOCOM	50

5.2.2. Servizos de instalación do fabricante


TECNOCOM inclúe no proxecto o despregamento da infraestrutura por parte de persoal de HP e a correspondente certificación dos servizos.

Isto resulta relevante ao aportar unha maior implicación do fabricante na implantación, o que supón unha garantía adicional tanto nesta fase como na posterior de explotación e mantemento do equipamento.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Servizos HP na implantación	TECNOCOM	20

5.2.3. Equipo de traballo

A oferta inclúe a descrición do equipo de traballo, composto por cinco perfiles (un xefe de proxecto e catro consultores), facendo unha descrición detallada de cada un deles no que respecta á titulación e formación, experiencia profesional, participación en proxectos, e certificacións.



Valóranse os certificados de fabricante do equipo de traballo que foron incluídos na documentación tal e como se solicitaba.

Concepto	Licitador	Valoración (puntos s/100)
Certificacións de fabricante no equipo de traballo (6 puntos por certificación xustificada)	TECNOCOM	30

Tendo en conta todo o indicado, indícase na seguinte táboa a valoración total no que respecta a este criterio en puntos sobre 100, así como a aportación en cada caso á avaliación final da oferta unha vez aplicada a ponderación.

Criterio 2	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	10,00

6. AVALIACIÓN FINAL

A puntuación final da oferta de TECNOCOM acadada como suma das obtidas en cada un dos criterios non avaliábeis mediante cifras e porcentaxes é a seguinte:

Total criterios 1 e 2	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	30,00

Con respecto á oferta de COREMAIN, considérase procedente a súa exclusión polos motivos descritos previamente neste informe.

E todo canto informo.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2015

O XEFE DE INFORMÁTICA

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 129.970,01 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 9/4/15, ás 11 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Martínez Varela
Vocais: D. Ramón Quiroga, representante do grupo PP.
 D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. Jesús Rodríguez Castro, xefe de informática
 Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que literalmente indica:

"Informe técnico de avaliación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes

7. INTRODUCCIÓN

O prego administrativo establece os seguintes criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Peso (%)	Fórmula
3. Oferta económica	15	
3.a. Oferta económica (baixa económica)	15	A
4. Duración da garantía	15	
4.a. Mellora na duración da garantía nas mesmas condicións (anos adicionais)	15	A
5. Parámetros de atención da garantía	15	
5.a. Tempo máximo de resolución no caso de incidencias críticas (baixa en horas)	15	A
6. Equipo de traballo	10	
6.a. Coñecemento demostrable e acreditado sobre os requirimentos específicos das aplicacións de xestión municipais e servizos aos que da soporte a solución subministrada.	10	SI/NON
7. Formación	10	
7.a. Formación técnica para o persoal do Servizo de Informática (xornadas adicionais)	10	A
8. Prazo de execución do proxecto	5	
8.a. Redución do prazo con respecto ao establecido no prego asignando á oferta unha das seguintes puntuacións. - Baixa igual ou superior a 30 días: 5 puntos. - Baixa igual ou superior a 15 días: 2 puntos. - O resto das ofertas: 0 puntos.	5	





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	



Nos criterios 3, 4, 5 e 7 asignarase a máxima puntuación á mellor oferta e puntuacións proporcionais ao resto, segundo a fórmula "A" que se describe de seguido:

$$P [i] = \frac{V [i]}{V_{m\acute{a}x}} * P_{m\acute{a}x}$$

Onde:

- P[i] son so puntos obtidos pola oferta i
- V[i] é o valor na oferta i do parámetro que se indica en cada caso na táboa
- Vmáx e o maior valor de entre todas as ofertas válidas
- Pmáx é a puntuación máxima asignada ao criterio

No criterio 6 no que a fórmula indicada é SI/NON asignarase a máxima puntuación á oferta que cumpra o criterio e puntuación nula á oferta que non o cumpra.

No criterio 8 puntuaranse as ofertas aplicando o baremo que se describe nese apartado da táboa á redución do prazo de execución con respecto ao establecido no prego. Para o cálculo do prazo non se terán en conta, se é o caso, as xornadas adicionais de formación (criterio 7), senón unicamente as esixidas no prego técnico.

Cada criterio se pondera mediante a asignación dunha porcentaxe sobre o total. Os criterios non avaliábles mediante cifras teñen un peso do 70%.

A puntuación de cada oferta obterase polo tanto a partir da fórmula:

$$V_o = \sum_{i=1..n} V_i * P_i$$

Onde Vo é a valoración da oferta, Vi é a valoración acadada en cada criterio i, e Pi é o peso asignado ao devandito criterio.

A selección do rango de valores que se poden asignar a Vi non afecta á comparativa. Para este informe asúmese que cada criterio pode valorarse de 0 a 100. Isto supón que a puntuación final da oferta estará tamén dentro deste intervalo.

Ademais, sempre que sexa posible tratarase de axustar as valoracións en cada criterio de tal xeito que a oferta máis favorable acade a puntuación máxima establecida no prego.

8. OFERTAS RECIBIDAS PARA AVALIACIÓN

Recíbense para avaliación a oferta presentada pola empresa:

- TECNOCOM (CIF. A-28191179)

9. ANÁLISE DAS OFERTAS

9.1. Criterio 3. Oferta económica (15%)

No punto "3.a" avalíase a oferta económica, aplicando a fórmula A á baixa económica con respecto ao orzamento de licitación establecido no prego, que é de 129.970,01 euros.

A oferta económica de TECNOCOM é de 114.743,04 euros polo que a baixa económica é de 15.226,97 euros.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 3	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	15,00

9.2. Criterio 4. Duración da garantía (15%)



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
Documento CONZI06U	Expediente CON/63/2014	



No punto "4.a" avalíase a mellora na duración da garantía nas mesmas condicións que as establecidas para os primeiros anos, aplicando a fórmula A ao número de anos adicionais con respecto ao mínimo establecido no prego, que son 4 anos.

TECNOCOM oferta unha duración da garantía de 5 anos, o que supón 1 ano adicional ao establecido no prego.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 4	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	15,00

9.3. Criterio 5. Parámetros de atención da garantía (15%)

No punto "5.a" avalíase o tempo máximo de resolución no caso de incidencias críticas, aplicando a fórmula A á baixa en horas con respecto ao tempo máximo de resolución establecido no prego, que son 24 horas.

TECNOCOM oferta un tempo máximo de resolución para incidencias críticas de 4 horas polo que a baixa é de 20 horas.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 5	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	15,00

9.4. Criterio 6. Equipo de traballo (10%)

No punto "6.a" avalíase o coñecemento demostrable e acreditado sobre os requirimentos específicos das aplicacións de xestión municipais e servizos aos que da soporte a solución subministrada.

No apartado "9.-Equipo de traballo" do prego técnico faise referencia a este aspecto do equipo de traballo:

"Valorarase nos criterios o coñecemento e experiencia acreditada en contornas similares á do Concello no que respecta ás aplicacións de xestión municipal que fan uso da plataforma (xestión contable, xestión de ingresos e gastos, xestión de padrón de habitantes, xestión de expedientes, etc.) todas elas comerciais e de recoñecido prestixio no sector (AYTOS, T-SYSTEMS, GADD, etc.)."

TECNOCOM presenta documentación xustificativa de ter traballado en contornas con estas aplicacións informáticas no Concello de Oleiros, no Concello de Santiago de Compostela e no Concello de Ourense.

Neste punto asígnase a máxima puntuación á oferta que cumpra o criterio, e por este motivo a oferta de TECNOCOM recibe a máxima puntuación.

Criterio 6	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	10,00

9.5. Criterio 7. Formación (10%)

No punto "7.a" avalíase a formación técnica para o persoal do Servizo de Informática, aplicando a fórmula A ao número de xornadas adicionais con respecto ao mínimo establecido no prego, que son 2 xornadas.

TECNOCOM oferta unha formación de 10 xornadas, o que supón 8 xornadas adicionais ao establecido no prego.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 7	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	10,00

9.6. Criterio 8. Prazo de execución do proxecto (5%)



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI06U	<i>Expediente</i> CON/63/2014	



No punto "8.a" avalíase a duración do proxecto, con respecto á de 100 días establecida no prego.

TECNOCOM oferta unha prazo de execución de 70 días, o que supón unha redución de 30 días.

O prego establece a máxima puntuación para as ofertas que aplican unha baixa igual ou superior a 30 días con respecto á establecida no prego, polo que a oferta de TECNOCOM recibe a máxima puntuación.

Criterio 8	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	5,00

10. AVALIACIÓN FINAL

A puntuación final acadada como suma das obtidas en cada un dos criterios avaliados mediante cifras e porcentaxes é a seguinte:

Total criterios 3 a 8	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	70,00

11. PUNTUACIÓN TOTAL DAS OFERTAS

A puntuación total acadada pola oferta de TECNOCOM, tendo en conta tanto os criterios avaliados coma os non avaliados mediante cifras ou porcentaxes é de 100 puntos:

Concepto	Puntos
Criterios 1 a 2	30,00
Criterios 3 a 8	70,00
Total oferta	100,00

Considérase polo tanto a oferta máis favorable ao cumprir o establecido nos pregos e ser a única entregada para avaliación.

E todo canto informo."

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, resulta ser a oferta máis vantaxosa das presentadas, é o licitador TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA S.A.

En consecuencia, e de conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa COREMAIN, por incumprimento dos requirimentos recollidos no apartado 9 do prego técnico, e, en concreto, por non incorporar ó equipo de traballo perfiles de instalador da solución que conte coa certificacións do fabricante en VMware e ORACLE


SEGUNDO: Trasladar ao concelleiro delegado de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA S.A que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **114.743,04 euros IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 11.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA






Exp: CON/63/2014

ASUNTO: SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN DE RENOVACIÓN DE EQUIPOS SERVIDORES E OUTRO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Informe técnico de avaliación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes


1. INTRODUCCIÓN

O prego administrativo establece os seguintes criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes:



CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Peso (%)	Fórmula
3. Oferta económica	15	
3.a. Oferta económica (baixa económica)	15	A
4. Duración da garantía	15	
4.a. Mellora na duración da garantía nas mesmas condicións (anos adicionais)	15	A
5. Parámetros de atención da garantía	15	
5.a. Tempo máximo de resolución no caso de incidencias críticas (baixa en horas)	15	A
6. Equipo de traballo	10	
6.a. Coñecemento demostrable e acreditado sobre os requirimentos específicos das aplicacións de xestión municipais e servizos aos que da soporte a solución subministrada.	10	SI/NON
7. Formación	10	
7.a. Formación técnica para o persoal do Servizo de Informática (xornadas adicionais)	10	A
8. Prazo de execución do proxecto	5	
8.a. Redución do prazo con respecto ao establecido no prego asignando á oferta unha das seguintes puntuacións. - Baixa igual ou superior a 30 días: 5 puntos. - Baixa igual ou superior a 15 días: 2 puntos. - O resto das ofertas: 0 puntos.	5	

Nos criterios 3, 4, 5 e 7 asignarase a máxima puntuación á mellor oferta e puntuacións proporcionais ao resto, segundo a fórmula "A" que se describe de seguido:



$$P [i] = \frac{V [i]}{V_{\text{máx}}} * P_{\text{máx}}$$

Onde:

- P[i] son os puntos obtidos pola oferta i
- V[i] é o valor na oferta i do parámetro que se indica en cada caso na táboa
- V_{máx} é o maior valor de entre todas as ofertas válidas
- P_{máx} é a puntuación máxima asignada ao criterio

No criterio 6 no que a fórmula indicada é SI/NON asignarase a máxima puntuación á oferta que cumpra o criterio e puntuación nula á oferta que non o cumpra.

No criterio 8 puntuaranse as ofertas aplicando o baremo que se describe nese apartado da táboa á redución do prazo de execución con respecto ao establecido no prego. Para o cálculo do prazo non se terán en conta, se é o caso, as xornadas adicionais de formación (criterio 7), senón unicamente as esixidas no prego técnico.

Cada criterio se pondera mediante a asignación dunha porcentaxe sobre o total. Os criterios non avaliábel mediante cifras teñen un peso do 70%.

A puntuación de cada oferta obterase polo tanto a partir da fórmula:

$$V_o = \sum_{i=1..8} V_i * P_i$$

Onde V_o é a valoración da oferta, V_i é a valoración acadada en cada criterio i, e P_i é o peso asignado ao devandito criterio.


A selección do rango de valores que se poden asignar a V_i non afecta á comparativa. Para este informe asúmese que cada criterio pode valorarse de 0 a 100. Isto supón que a puntuación final da oferta estará tamén dentro deste intervalo.

Ademais, sempre que sexa posible tratarase de axustar as valoracións en cada criterio de tal xeito que a oferta máis favorable acadará a puntuación máxima establecida no prego.

2. OFERTAS RECIBIDAS PARA AVALIACIÓN

Recíbense para avaliación a oferta presentada pola empresa:

- TECNOCOM (CIF. A-28191179)



3. ANÁLISE DAS OFERTAS

3.1. Criterio 3. Oferta económica (15%)

No punto "3.a" avalíase a oferta económica, aplicando a fórmula A á baixa económica con respecto ao orzamento de licitación establecido no prego, que é de 129.970,01 euros.

A oferta económica de TECNOCOM é de 114.743,04 euros polo que a baixa económica é de 15.226,97 euros.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 3	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	15,00

3.2. Criterio 4. Duración da garantía (15%)

No punto "4.a" avalíase a mellora na duración da garantía nas mesmas condicións que as establecidas para os primeiros anos, aplicando a fórmula A ao número de anos adicionais con respecto ao mínimo establecido no prego, que son 4 anos.

TECNOCOM oferta unha duración da garantía de 5 anos, o que supón 1 ano adicional ao establecido no prego.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 4	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	15,00

3.3. Criterio 5. Parámetros de atención da garantía (15%)

No punto "5.a" avalíase o tempo máximo de resolución no caso de incidencias críticas, aplicando a fórmula A á baixa en horas con respecto ao tempo máximo de resolución establecido no prego, que son 24 horas.

TECNOCOM oferta un tempo máximo de resolución para incidencias críticas de 4 horas polo que a baixa é de 20 horas.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 5	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	15,00

3.4. Criterio 6. Equipo de traballo (10%)

No punto "6.a" avalíase o coñecemento demostrable e acreditado sobre os requirimentos específicos das aplicacións de xestión municipais e servizos aos que da soporte a solución subministrada.

No apartado "9.-Equipo de traballo" do prego técnico faise referencia a este aspecto do equipo de traballo:

Valorarase nos criterios o coñecemento e experiencia acreditada en contornas similares á do Concello no que respecta ás aplicacións de xestión municipal que fan uso da plataforma (xestión contable, xestión de ingresos e gastos, xestión de padrón de habitantes, xestión de expedientes, etc.) todas elas comerciais e de recoñecido prestixio no sector (AYTOS, T-SYSTEMS, GADD, etc.).

TECNOCOM presenta documentación xustificativa de ter traballado en contornas con estas aplicacións informáticas no Concello de Oleiros, no Concello de Santiago de Compostela e no Concello de Ourense.

Neste punto asígnase a máxima puntuación á oferta que cumpra o criterio, e por este motivo a oferta de TECNOCOM recibe a máxima puntuación.

Criterio 6	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	10,00

3.5. Criterio 7. Formación (10%)

No punto "7.a" avalíase a formación técnica para o persoal do Servizo de Informática, aplicando a fórmula A ao número de xornadas adicionais con respecto ao mínimo establecido no prego, que son 2 xornadas.

TECNOCOM oferta unha formación de 10 xornadas, o que supón 8 xornadas adicionais ao establecido no prego.

A fórmula asigna á oferta de TECNOCOM a máxima puntuación.

Criterio 7	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	10,00

3.6. Criterio 8. Prazo de execución do proxecto (5%)

No punto "8.a" avalíase a duración do proxecto, con respecto á de 100 días establecida no prego.

TECNOCOM oferta unha prazo de execución de 70 días, o que supón unha redución de 30 días.

O prego establece a máxima puntuación para as ofertas que aplican unha baixa igual ou superior a 30 días con respecto á establecida no prego, polo que a oferta de TECNOCOM recibe a máxima puntuación.

Criterio 8	Valoración total (puntos s/100)	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	100	5,00


4. AVALIACIÓN FINAL

A puntuación final acadada como suma das obtidas en cada un dos criterios avaliados mediante cifras e porcentaxes é a seguinte:

Total criterios 3 a 8	Aportación á oferta (puntos)
TECNOCOM	70,00

5. PUNTUACIÓN TOTAL DAS OFERTAS

A puntuación total acadada pola oferta de TECNOCOM, tendo en conta tanto os criterios avaliados coma os non avaliados mediante cifras ou porcentaxes é de 100 puntos:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

SERVIZO DE INFORMÁTICA

Concepto	Puntos
Criterios 1 a 2	30,00
Criterios 3 a 8	70,00
Total oferta	100,00

Considérase polo tanto a oferta máis favorable ao cumprir o establecido nos pregos e ser a única entregada para avaliación.

E todo canto informo.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2015

O XEFE DE INFORMÁTICA

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI06U	<i>Expediente</i> CON/63/2014	

15078DCÓNZI06U'



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 129.970,01 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 27 de abril de 2015, ás 10:25 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D.Manuel Martínez Varela

Vocais:

- D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP.
- D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Rodríguez Castro, xefe de Informática
- Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral Municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA S.A, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA

